

Acordo da Mesa do Parlamento, do 23 de setembro de 2024, polo que se regula o acceso ao Parlamento con animais de compañía

A Lei estatal 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e do benestar dos animais (publicada no Boletín Oficial do Estado número 75, de 29 de marzo de 2023) establece no seu artigo 29.3: “salvo prohibición expresa, debidamente sinalizada e visible dende o exterior, permítese o acceso de animais de compañía aos edificios e dependencias públicas”.

A antedita disposición é de aplicación directa ás dependencias públicas deste Parlamento, polo que cómpre aprobar unha norma que, ou ben contemple os supostos e circunstancias nas que se pode acceder ao edificio do Parlamento cun animal de compañía, ou ben estableza a súa prohibición total, como na actualidade ocorre en varios parlamentos autonómicos do Estado e no parlamento británico.

Dadas as características da actividade que se desenvolve nesta institución e tendo en conta a configuración dos espazos e dependencias do edificio parece axeitado optar pola prohibición do acceso de persoas con animais de compañía, agás os cans guía ou cans policía que se rexen pola súa normativa específica.

Por todo iso, a Mesa do Parlamento adopta o seguinte acordo:

- 1.º) Queda prohibido o acceso ao edificio do Parlamento de Galicia ás persoas que vaian acompañadas de mascotas ou animais de compañía.
- 2.º) Permitirase o acceso ás persoas acompañadas de cans guía e aos cans que acompañan ás forzas armadas e forzas e corpos de seguridade no desempeño das súas funcións.
- 3.º) Sinalarase nos accesos ao edificio esta prohibición mediante un cartel ben visible desde o exterior segundo o modelo que se achega como anexo a este acordo.
- 4.º) A presente norma entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Anexo:



Prohibido o acceso de animais de compañía á sede do Parlamento de Galicia, sen prexuízo do acceso dos cans de asistencia acompañando á persoa á que asistan e dos cans pertencentes ás Forzas Armadas e Forzas e Corpos de Seguridade

(Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 23 de setembro de 2024)



Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2024

Xosé Antón
Sarmiento Mendez,
Letrado Oficial Maior

Firmado digitalmente por Xosé Antón
Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Xosé
Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial
Maior,
email=xsarmiento@parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2024.09.25 18:35:30 +02'00'

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 25/09/2024 19:19:17
Nº Rexistro: 3014
Data envío: 25/09/2024 19:19:17.135

Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior na data 25/09/2024 18:35:30

CSV: REXISTRO-6k0GZxwAm-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

